

O camiño cara a unha biografía definitiva: *Virginia Woolf: A Biography*, de Hermione Lee

Laura Lojo

RESUMO

Segundo Laura Lojo, a publicación da biografía de Virginia Woolf, en 1972, por parte de Quentin Bell, aportou novos datos sobre a vida e a obra de Woolf, pero tamén fixo que moitos críticos se cuestionasen algúns dos aspectos comentados por Bell, como o suposto matrimonio perfecto entre Virginia e Leonard Woolf, a saúde mental de Virginia e outros elementos da vida desta autora británica. Neste sentido, na nova biografía *Virginia Woolf: A Biography* (1996), a catedrática de literatura inglesa da Universidade de York, Hermione Lee, reinterpreta a vida de Virginia Woolf e revisa as súas relacións familiares, a súa traxectoria artística e o asunto do matrimonio con Leonard Woolf.

ABSTRACT

According to Laura Lojo, the publication of Quentin Bell's biography of Virginia Woolf in 1972 brought to new light data about Woolf's life and work. On the other hand, some critics questioned certain aspects commented on by Bell, such as the supposed perfect marriage between Virginia and Leonard Woolf, Virginia's mental health and other parts of the life of this British authoress. Hermoine Lee, professor of English Literature at the University of York, reinterprets Virginia's life in her new biography *Virginia Woolf: A Biography* (1996). She also reinterprets Virginia's family relationships, her artistic development and her marriage to Leonard Woolf.

En 1972, Quentin Bell¹ publicaba a súa biografía sobre a escritora inglesa Virginia Woolf (1882-1941) en dous volumes: *Virginia Stephen* aparecía en Xuño e *Mrs. Woolf* en Outubro. O biógrafo tiña daquela unha posición privilexiada, que facía da súa obra un traballo case irrevocable: era fillo de Vanessa Bell, a irmá maior de Virginia Woolf, e, ó tempo, a persoa máis cercana á vida da autora. Como un dos herdeiros da Woolf, Bell tiña acceso a moito material inédito de gran interese biográfico. Cartas, diarios, e incluso borradores das súas obras maiores botaban agora nova luz non só sobre a súa obra, senón tamén sobre cuestións tan transcendentais

1. O profesor Bell finou recentemente, o 16 de Decembro de 1996, tal como me foi comunicado nunha carta enviada por Joanne Trautmann Banks. O seu traballo continúa a ser guía imprescindible para calquera estudioso de Virginia Woolf.

Bell, Quentin: *Virginia Woolf*. London: The Hogarth Press, 1972, recentemente reimpresso por Plimlico, 1996.

para unha autora como Woolf, as preguntas que se facía sobre a natureza da vida, da realidade, do amor, da identidade humana.

O propio Leonard Woolf, marido da escritora, puxera todo este material á disposición de Bell para tal tarefa. O profesor Bell continuou o labor clasificatorio ó que Leonard Woolf se adicara practicamente dende a morte da súa muller, o que fixo que o seu traballo investigador tivese unha eclosión sen precedentes na reconsideración da autora non só nas Illas Británicas, senón tamén no resto do mundo. O traballo de Bell converteuse en lectura obrigada para quen tentase achegarse non só xa á figura de Woolf, senón tamén a todo ese círculo de intelectuais que conformaban o chamado «Grupo de Bloomsbury»². Por outro lado, Bell conta no seu haber coa irrefutable experiencia persoal de ser o sobriño e confidente da propia Woolf, coa que mantivera dende moi cedo unha estreita relación reflectida na correspondencia persoal entre ambos.

A partir desta data, moito deste material inédito (relacionado directa ou indirectamente coa vida da escritora) comeza a ser publicado³. Así, aparecen edicións das cartas de Virginia Woolf, Vanessa Bell, E.M. Forster, Roger Fry e Vita Sackville-West⁴, entre outros, ou dos diarios e ensaios —aínda hoxe en fase de publicación— da autora Virginia Woolf. Tamén se publican biografías dos membros máis destacados de Bloomsbury ou relacionados con el, como Leslie Stephen, Dora Carrington, Desmond e Molly MacCarthy ou Lady Ottoline Morrell⁵. Asimesmo, amigos e familiares fan tamén a súa aportación, entre as que destacan as obras autobiográficas de Richard Kennedy e John Lehman, daquela mozos que traballaban na Hogarth Press co matrimonio Woolf, as de David e Angelica Garnett, esta última tamén filla de Vanesa Bell, que fai unha amarga e dura reflexión sobre a relación que tivo coa súa nai e coa súa tía⁶.

2. O grupo foi bautizado deste xeito primordialmente por xente allea a el. Toma o seu nome da área londinense onde a residencia dos Stephen -nome de solteira de Virginia Woolf- estaba ubicada, tras deixar atrás a casa familiar no moi «respectable» Kensington á morte de Sir Leslie Stephen. O grupo facía xuntanzas cada xoves pola tarde, para falar de novas tendencias estéticas, política, as artes e relacións e comportamentos humanos. Entre os seus integrantes destacan Vanessa e Clive Bell, Roger Fry, Duncan Grant, Maynard Keynes, Lytton Strachey, E.M. Forster, Leonard e Virginia Woolf, Molly e Desmond MacCarthy e Saxon Sydney-Turner.

3. Irma Rantavaara (*Virginia Woolf and Bloomsbury*. Helsinki: Annales Academiae Scientiarum Fennicae, 1953) xa fixera anteriormente unha reflexión sobre a vida de Virginia Woolf, pero ligándoa especificamente ó moi determinado contexto bloomsburiano. Aileen Pipet (*The Moth and the Star*. Boston: Little Brown & Company, 1969) fai unha das primeiras biografías sobre autora. A pesar disto, Pipet deixa sen abordar algúns dos detalles máis escabrosos da vida da autora e o seu círculo: a súa suposta tolemia, a relación coa safista declarada Vita Sackville-West, a homosexualidade dalgúns dos membros de Bloomsbury ou os diferentes compañeiros sentimentais da súa irmá, Vanessa Bell, que privan dunha contextualización adecuada a moitos elementos cruciais na vida da Virginia Woolf.

4. Bell, Vanessa: *Selected Letters of Vanessa Bell*. Editado por Regina Marler. London, Bloomsbury, 1993; Forster, E.M.: *Selected Letters of E.M. Forster* (2 vols). Editado por Mary Lago & P.N. Furbank. London: Collins, 1983; Fry, Roger: *The Letters of Roger Fry* (Vol. II, 1913-1934). Editado por Denis Sutton. London: Chatto & Windus, 1972; Sackville-West, Vita: *The Letters of Vita Sackville-West to Virginia Woolf*. Editado por Louis De Salvo & Mitchell A. Leaska. London: Hutchinson, 1984.

5. Annan, Noel: *Leslie Stephen. The Godless Victorian*. London: Weidenfeld & Nicolson, 1984; Cecil, Hugh & Mirabel: *Clever Hearts. Desmond and Molly MacCarthy*. Gollzanc, 1990; Gerzina, Gretchen: *Carrington. A Life*. London: John Murray, 1989; Morrell, Ottoline: *The Early Memoirs of Lady Ottoline Morrell and Life at Garsington*. Editado por Robert Gathorne-Hardy. London: Faber, 1963.

6. Kennedy, Richard: *A Boy at the Hogarth Press*. Harmondsworth: Penguin Books, 1978; Lehman, John: *The Whispering Gallery. Autobiography I*. London: Longman, 1955, *I Am My Brother. Autobiography II*. London: Longman, 1960, *Thrown to the Wolfs*. London: Weidenfeld & Nicolson, 1978; Garnett, David: *The Flowers of the Forest*. London: Chatto & Windus, 1955; Garnett, Angelica: *Deceived with Kindness: A Bloomsbury Childhood*. Oxford: Oxford University Press, 1985.

As reaccións ante todo este material inédito agora publicado, ante as reflexións de xente achegada ó círculo bloomsburiano e, sobre todo, ante a obra do profesor Bell non se fixeron de esperar. Virginia Woolf e o seu contorno comezan a formar parte dunha conciencia colectiva nos círculos intelectuais, e moitos dos aspectos que Quentin Bell daba por sentados comezan a ser cuestionados. O primeiro mito que se tentou desmontar foi o do suposto matrimonio perfecto que conformaban Virginia e Leonard Woolf. Quentin Bell calificara a decisión de Virginia Stephen de contraer matrimonio con Leonard Woolf como a máis sabia que tomara na súa vida (Bell 1972), e retrataba a Leonard Woolf como un home de infinita paciencia, sempre vixiante ante os «estados críticos» e a precaria saúde mental da súa muller, ó tempo que se convertera no seu editor e crítico máis fiable, o seu apoio ata o mesmo día da súa morte. En 1978 dúas voces érguense para analizar a figura de Leonard dende un ángulo moi diferente: as obras de Roger Poole e Phyllis Rose⁷. Poole e Rose exploran unha suposta aversión da escritora cara ós homes, cara a Leonard que tiña a súa orixe no suposto abuso sexual que Virginia Woolf sufrira na nenez e na adolescencia por parte de Gerald e George Duckworth, os seus medio irmás e, por tanto, vencellados tamén de xeito central á súa vida. A rectitude, os coidados excesivos e os dereitos como marido de Leonard Woolf tiveron –segundo estes e outros autores– un efecto contraproducente no desenvolvemento de Virginia Woolf como individuo, e contribuíron ó seu moi comentado «desequilibrio psicolóxico».

Roger Poole é especialmente duro chegado a este punto. Ademais de buscar reflexos biográficos nas obras principais da autora, analiza o material biográfico de Quentin Bell, Joanne Trautmann-Banks e Anne Olivier Bell (editoras das cartas e diarios) e de Nigel Nicolson (fillo de Vita Sackville-West), xa que considera que estes ligaron de xeito pouco miucioso a palabra «loucura» á figura de Woolf. Deste xeito, Poole pretende descubrir a unha Virginia Woolf «descoñecida», atafegada ante a tiranía dun pai egocéntrico, sometida á perda da súa nai na adolescencia, descrita por ela mesma como «a catástrofe máis terrible que puidese ter pasado»⁸, avergoñada do seu propio corpo debido ós abusos sexuais dos fillos do anterior matrimonio da súa nai, e, polo tanto, aterrorizada ante o desexo sexual masculino. En contra do que este feito parece demostrar, Virginia Stephen acepta –segundo Poole– a Leonard Woolf en matrimonio para independizarse e, sobre todo, para seguir os pasos da súa irmá Vanessa como nai. Leonard Woolf toma o papel de «enfermeiro» cando casa con Virginia Stephen en 1912, e convértese en elemento crucial desencadeante da crise psicolóxica que sobrevén á súa dona en 1913.

A decisión de non ter fillos, tomada conxuntamente por Leonard Woolf e algúns dos máis eminentes médicos de Harley Street xunto coa imposibilidade de rexeitar un compromiso marital, a certeza de Woolf sobre a suposta tolemia da súa muller e as longas tempadas en sanatorios psiquiátricos⁹ fixeron, segundo Poole, que

7. Poole, Roger: *The Unknown Virginia Woolf*. New Jersey: Humanities Press International, 1978; Rose, Phyllis: *Woman of Letters: A Life of Virginia Woolf*. London & New York: Routledge and Kegan Paul, 1978. Edel, Leon: *Bloomsbury: A House of Lions*. London: The Hogarth Press, 1979. O traballo ofrece unha reflexión sobre a vida da autora con respecto ó contorno bloomsburiano.

8. Woolf, Virginia: *Moments of Being: Virginia Woolf*. Editado por Jeanne Schulkind. New York: Harcourt Brace & Company, 1975.

9. Virginia Woolf pasou longas tempadas en «casa de descanso» como Twickenham. Ela mesma describe a experiencia como a máis humillante da súa vida, tendo que compartir os seus días con enfermos de profundas deficiencias mentais, obrigada a levar unha dieta alimenticia excesiva e privada de todo contacto cos seus e co seu traballo. A este respecto, cfr. o relato de Charlotte Perkins Gilman «The Yellow Wallpaper», onde o mesmo tema é tratado con profunda ironía.

Virginia Woolf sufrise no ano seguinte ó seu matrimonio unha profunda crise psicolóxica que case acaba coa súa vida.

De feito, o modo en que Bell tratara a tolemia atribuída a Woolf na súa biografía é un dos aspectos máis rebatidos pola crítica woolfista dende entón. A frase coa que este pecha o primeiro capítulo de *Mrs. Woolf*, «all that summer she was mad¹⁰», converteuse na máis citada polos que atacaron a visión de Bell¹¹.

En 1986, Lyndall Gordon publica a súa reflexión biográfica sobre Virginia Woolf¹². Gordon ve tres fases moi definidas que marcaron profundamente a traxectoria de Woolf: as escenas da nenez, marcadas polo ambiente erudito da casa de Leslie e Julia Stephen, as convencións victorianas e os lugares onde afínca os seus primeiros recordos¹³; a perda de seres queridos, comezando pola súa nai, Julia Stephen (1846-1895), a súa medio irmá Stella Hills (1869-1897, *neé* Duckworth) e o seu propio irmán Thoby Stephen (1880-1906), cando Virginia Woolf comeza a explorar as súas posibilidades como escritora; e finalmente o abandono de Kensington e establecemento en Bloomsbury, identificado coa súa independencia como individuo e como artista, coa súa fase productiva como escritora e co seu matrimonio con Leonard Woolf.

Gordon ve na figura de Virginia Woolf un novo modelo de muller que a través do seu labor productivo dá voz e relevancia pública a un colectivo confinado daquela ó ámbito privado cun discurso representado pola linguaxe patriarcal¹⁴.

O grupo de Bloomsbury e as súas repercusións en Woolf como individuo e como artista tamén é obxecto de análise na obra de Gordon. As cualidades intrínsecas e irreductibles do amor e da amizade –perdurabilidade e imaxinación– aparecen recreadas en obras como *The Waves* (1931), e son determinantes á hora de buscar un elemento unificador do grupo, inexistente por outra banda no tocante a preceptos estéticos (en contraposición con grupos como os chamados «os homes de 1914»: Ezra Pound, Wyndham Lewis, James Joyce ou T.S. Eliot).

Virginia Woolf foi co tempo converténdose nunha figura mítica a través das súas obras e da recreación da crítica, especialmente nos Estados Unidos. Sen embargo, nas Illas Británicas a «musa de Bloomsbury» foi tratada con moita máis dureza, sobre todo no que tiña que ver coa súa actitude ambivalente cara a temas como a militancia feminista. Consagrada por algúns como a voz que se alza para reivindicar os dereitos das mulleres, para outros a súa postura reflicte un feixe de

10. «Durante todo aquel verán, ela estivo louca» [traducción miña].

11. A frase incluso deu título ó traballo de Stephen Trombley, no que se revisa precisamente a suposta tolemia atribuída a Virginia Woolf (Trombley, Stephen: *All That Summer She was Mad*. London: Continuum, 1982).

12. Gordon, Lyndall: *Virginia Woolf: A Writer's Life*. Oxford: Oxford University Press, 1986.

13. En «A Sketch of the Past», unha reflexión biográfica da súa nenez e adolescencia, Virginia Woolf describe o son das ondas batendo na praia como un dos seus primeiros recordos. O lugar era Talland House, St. Yves, unha vila mariñeira de Cornualles, e que máis tarde ela mesma recrearía en *To the Lighthouse* (1928). «22 Hyde Park Gate», a residencia londinense dos Stephen en Kensington, é o título dos seus recordos de nenez e adolescencia baixo a tutela dos pais.

14. Toda a obra de Woolf é moi relevante a este respecto, pero sempre foron consideradas como máis emblemáticas *A Room of One's Own* (1929) e *Three Guineas* (1938), obras nas que se intenta reivindicar a figura feminina, sobre todo vista como artista.

contradiccións, como por exemplo a súa negativa a militar no partido sufragista feminino¹⁵. As súas intervencións públicas neste senso limítanse a charlas e conferencias para mulleres, acerca das que ela mesma tiña dúbidas acerca da súa capacidade intelectual.

A súa conciencia de clase e o seu tan comentado esnobismo teñen un reflexo consciente na reflexión autobiográfica «Am I a Snob?»¹⁶. Incongruencias deste tipo tamén poden atoparse na súa actitude cara ós obxectores de conciencia, sobre todo na Segunda Guerra Mundial, e cara a temas como o fascismo. En 1935, con Hitler en pleno apoxeo, Virginia e Leonard Woolf visitan Alemaña. En Bonn, ante unha multitude enervada que gritaba «odio ós xudeos», Virginia Woolf alza a súa man nun saúdo nazi¹⁷; no mesmo ano, remata un conto ó que pon por título «The Duchess and the Jew» («A Duquesa e o Xudeo»)¹⁸. A caracterización do xudeo contiña tantos prexuízos raciais que os seus editores norteamericanos, Harcourt & Brace pedíronlle que eliminase a palabra «xudeo» do título. Así o fixo, aínda que as características negativas do xudeo continuaban a ser moi evidentes. Como era de esperar, estas son as imaxes e elementos que os detractores de Virginia Woolf branden na súa contra.

A primeira edición de *Moments of Being* (1975) provoca un xiro na visión que, ata o de entón, se tiña de Virginia Woolf. A segunda edición, en 1985, incorpora unha valiosa adquisición da British Library: un manuscrito mecanografiado que veu a luz por primeira vez en 1980. Escrito en 1940, este material inédito proporciona o elo que faltaba para dar coherencia a «A Sketch of the Past», unha das pezas autobiográficas máis substanciosas de Virginia Woolf. A primeira peza da colección «Reminiscences», pretende ser unha recreación da vida da súa irmá Vanessa Stephen, pero de feito é unha memoria da nenez e da adolescencia de ambas. «A Sketch of the Past» foi escrito cara ó final da súa traxectoria artística, para liberarse das constriccións que a tarefa literaria lle está a impoñer e da angustia producida pola chegada da guerra¹⁹. «22 Hyde Park Gate», «Old Bloomsbury» e «Am I a Snob?» foron lidos entre 1920 e 1936 para os membros do chamado «Memoir Club», un grupo de amigos íntimos que intercambiaban as súas memorias.

Os amigos e familiares de Virginia Woolf aínda vivos daquela continuaban a recordar en público a súa relación coa autora: xente como Frances Partridge, George Rylands, Richard Kennedy, John Lehman, Stephen Spender, Trekkie Parsons,

15. A personaxe de Katherine Hilbery en *Night and Day* (1919) reflicte a propia posición de Woolf cara a este tema.

16. Woolf, Virginia: *Moments of Being: Virginia Woolf*. Editado por Jeanne Schulkind. New York: Harcourt Brace & Company, 1975.

17. Leonard Woolf era el mesmo xudeo. Nunha carta a súa amiga Violet Dickinson, Woolf fala despreciativamente do nariz do se home, «tan longo e curvado» (VW a VD, 18 Abril 1935).

18. Compilado postumamente por Leonard Woolf na colección *A Haunted House and Other Short Stories*. London: The Hogarth Press, 1960.

19. Especialmente en «A Sketck of the Past», Virginia Woolf parece ter atopado unha forma nova de escribir as súas memorias: Isto é, facer que éstas [as memorias] inclúan tamén o presente -polo menos, para que de xeito suficiente servan de plataforma para así poder erguerse. Sería interesante facer que as dúas persoas- o «eu» de agora e o «eu» de entón - surxiran en contraste. E aínda máis, este pasado véese de forma irremediable afectado polo presente. O que estou a escribir agora non podería escribirse dentro dun ano.

Moments of Being, p. 75 (traducción miña).

Angelica Garnett, Ann Stephen, e Nigel Nicolson, entre outros²⁰. Os anos e a distancia fan de novo cambiar o cariz da figura retratada –xa tan atrás– por Quentin Bell. Mesmamente Virginia Woolf dixera, tomando como referencia a súa propia experiencia como lectora e biógrafa, que as vidas das persoas cambian cando se ven retrospectivamente e, polo tanto, necesitan ser reelaboradas, contadas de novo.

O propio Quentin Bell é consciente da necesidade de facer unha nova reinterpretación da vida da súa tía, tendo en conta todo o material biográfico publicado, a multitude de traballos de investigación ó respecto, e tamén a inxente cantidade de información que persoas achegadas á escritora podía aínda proporcionar. Pero o profesor Bell ten xa 81 anos e decide delegar a tarefa de realizar a seguinte biografía autorizada en outra persoa. A persoa elixida para efectuar esa longa viaxe biográfica é Hermione Lee, unha catedrática de Literatura Inglesa na Universidade de York, formada en Oxford e autora de numerosas edicións críticas da obra de Woolf e de varios estudos sobre a mesma²¹.

Ela mesma admite que facer unha nova biografía sobre Virginia Woolf non foi labor doado (Lee 1996: 770). Cando comeza a escribir en 1991, queda sobrecollida pola paradoxal distancia-cercanía da escritora: os arquivos aínda reflectían a orde preliminar feita por Leonard á morte da súa dona, e mostraban os intentos de este de poñer algo de coherencia na multitude de papeis e manuscritos recompilados. Os manuscritos da súa obra están repartidos entre Inglaterra e os Estados Unidos²², e aínda existe unha grande cantidade de material inédito, como os borradores de «Phases of Fiction» ou *The Years*. A pesar disto, a magnitude do traballo de Lee é enorme. Emprega unha inxente cantidade de material no que basea o seu traballo. As súas fontes basculan entre o propio material escrito tanto por Woolf e a xente do seu contorno máis próximo –cartas, diarios, biografías, reflexións e valoracións persoais, así como os elementos autobiográficos da súa obra–, e a revisión das fontes críticas máis relevantes que sobre esta autora existen publicadas. Pecha a ampla lista o material inédito das coleccións Berg, Monk's House Papers e Charleston Papers.

«¡Meu Deus! ¿Como se escribe unha biografía?»²³. Esta mesma interrogante de Virginia Woolf explicita o reto co que calquera biógrafo se enfrenta no inicio. O xeito de comezar o traballo pode ser indicativo da propia actitude do autor: poderíase comezar vendo a Virginia Woolf en relación ó seu contorno de Kensington, como

20. O testemuño destas persoas pode ser hoxe en día consultado nunha gravación conmemorativa do centenario do nacemento de Virginia Woolf nos arquivos da sección de manuscritos da Universidade de Sussex («Talking about Virginia»). Five Broadcasts by «Radio Brighton» to mark the centenary of Virginia Woolf. Xaneiro - Febreiro 1982. Prog. I: «Primeiros Encontros», prog. II: «Tía Favorita», prog. III: «Bloomsbury», prog. IV: «A Vida en Sussex», prog. V: «O Xenio sen Acougo».

21. Lee, Hermione: *The Novels of Virginia Woolf*. London: Methuen, 1977.

22. A universidade de Sussex (Brighton, Reino Unido) contén nos seus arquivos as coleccións coñecidas como «Monk's House Papers» e «Charleston Papers», doados polos herdeiros de Virginia Woolf. As coleccións conteñen a correspondencia entre Leonard e Virginia Woolf, así como un gran número de cartas de cada un deles dirixidas a xente como Roger Fry, Vanessa Bell, ou Katherine Mansfield. Tamén se atopan aquí os manuscritos de «A Sketch of the Past» e dalgunhas historias breves, así como reseñas literarias publicadas sobre todo no «Times Literary Supplement». Algún deste material é inédito. A meirande parte do resto dos manuscritos de Woolf atópanse na chamada «Berg Collection», na Biblioteca Pública de Nova York.

un produto dunha determinada estética e historia familiar, dunha determinada clase social. Evidentemente, tamén está asociada ó círculo bloomsburiano, o que supón dar conta dunha esencia vital moi diferente, ou sería posible analizar as súas obsesións, frustracións e traumas, inevitablemente encauzadas a dar unha resposta á pregunta de por que se quitou a vida. Ou ¿por que non facer unha reflexión partindo da súa concepción do pasado, tomando como base a recreación autobiográfica de «A Sketch of the Past»? Todas estas posibles sendas, poden levar, como de feito fixeron, a moi diferentes visións da escritora, segundo prime un aspecto ou outro da súa vida. Pero tratar de demostrar que unha determinada visión é a lexítima sería limitar unha personalidade tan rica e fascinante como a de Virginia Woolf, tendo en conta, ademais, que cada unha destas posicións levan inevitablemente ou ben á construción dun mito ou á demolición do mesmo.

En cambio, o maior obstáculo co que se atopou Lee foi precisamente a enorme cantidade de material dispoñible para unha posible biografía de Virginia Woolf (Lee 1996: 4). A proximidade e complicidade que sente o lector cando se aproxima ás súas cartas, diarios, e mesmo á súa obra, fan que considere lícito facer valoracións persoais con respecto a actitudes ou posicións tomadas pola autora. Pero ¿cómo simplificar tal miríade de sentimentos e impresións, cómo clasificalos baixo unhas etiquetas e categorías cando a propia Woolf tiña medo de facelo ela mesma?

Hai un aspecto que Woolf tiña moi presente na súa concepción sobre a biografía e que Lee respecta admirablemente: a ficción como a representación máis vinculante á biografía. Deste xeito é posible, no traballo de Lee, rastrexar a través da figura de Rachel Vinrace en *The Voyage Out* (1915) as angurias e medos de Virginia Stephen, o peso da súa herdanza victoriana na Katherine Hilbery de *Night and Day* (1919), a figura do artista Thoby como homenaxe ó seu irmán Thoby en *Jacob's Room* (1922), o necesario exorcismo da figura dos pais en *To the Lighthouse* (1929), e o reflexo do círculo dos seus amigos máis queridos en *The Waves* (1931).

Todo este material aparece arranxado por Lee en tres grandes bloques, ordenados cronoloxicamente, que corresponden ás catro etapas fundamentais na vida de Virginia Woolf: 1882-1904, 1904-1919, 1919-1929 e 1929-41, complementados con 95 páxinas de rigorosas anotacións nas que proporciona información tanto das fontes empregadas coma do material adicional de consulta sobre practicamente calquera aspecto que ten que ver con Woolf e co seu contorno.

Lee comeza cunha reflexión sobre as dificultades en acometer a tarefa dunha nova biografía sobre Virginia Woolf, da que parecía que xa estaba todo dito, así como da propia concepción de Woolf sobre a biografía. Hyde Park Gate e Talland House, as casas entre as que Woolf pasara os primeiros anos da súa vida, e as asociacións que cada unha destas tiña na mente da autora son un apartado frecuentemente obviado pola crítica e de gran relevancia neste traballo. As relacións de Woolf coa nai, pero especialmente co pai, son obxecto importante de revisión. A figura do patriarca victoriano aparece agora examinado dende un novo ángulo, analizando a ambivalencia dependencia-independencia con respecto ó pai da que a propia Woolf non puido dar conta en vida. O tema tan manido do abuso sexual, do que Woolf só se atrevera a falar ó final da súa traxectoria, e o dos primeiros brotes de loucura aparecen unicamente testemuñados con material autobiográfico, xa que, segundo Lee, non sería acertado tomar posicións ou categorizacións sobre algo do que nin sequera a propia autora sabía sobre si mesma.

A segunda parte comeza en 1904, o ano da morte de Sir Leslie Stephen e da mudanza a Bloomsbury, un feito que, xunto con outras circunstancias, afectará de xeito fundamental á vida de Virginia Stephen. Comeza ela a experimentar a tan ansiada liberdade na nova casa, circunstancia que se ve profundamente escurecida, en 1906, pola dor da morte do seu irmán Thoby. Nesta época comeza tamén a configurar de xeito decisivo a súa traxectoria como artista, que se inicia coa publicación da súa primeira novela, *The Voyage Out*, que lle costara quince anos escribir, que coincide coa súa certa independencia económica facendo reseñas para diferentes periódicos. Faise evidente xa nesta época o seu fino olfato artístico ó rastrexar novas formas de concibir a produción literaria. En 1912, Virginia Stephen acepta en matrimonio a Leonard Woolf; a partir de aquí, comezan anos de profundo cambio na vida da escritora, perfectamente documentados por Lee: a crise nerviosa que sofre Woolf en 1913, a chegada da guerra, a decisión de acometer a súa propia aventura editorial e a ambivalente relación que sostivo con Katherine Mansfield, a morte da cal fai que se reconsidera a cuestión das relacións humanas, esperando que o seu «orgullo e egoísmo» non volvesen a interporse nunha amizade. Como Lee apunta ben (1996:400), é entón cando os fantasmas dos seus seres queridos mortos comezan a aparecerse, marcando o comezo dunha nova etapa.

En 1919 Virginia e Leonard Woolf compran en subasta a casa de Monk's House, unha casa de campo no condado de Sussex, onde a escritora encontrou ata o resto dos seus días o descanso que necesitaba xa que Londres se convertera nun lugar angurioso. Nos anos seguintes ata 1929, Lee describe como Woolf chega á súa etapa de plentitude artística: publica *Jacob's Room* (1922), *Mrs. Dalloway* (1925), *Orlando* (1928), *A Room of One's Own* (1929) e concibe *The Waves* (1931), mentres que as súas recensións en diversas revistas e no *Times Literary Supplement* proporcionanlle a desexada independencia económica e as súas publicacións comezan a reportar beneficios. É tamén nesta época cando coñece a Vita Sackville-West, aristócrata e escritora de renome, á que dedicará a súa obra *Orlando* e coa que manterá unha relación amorosa, da que sempre perdurará un vínculo de amizade ata a morte de Woolf.

A partir de 1929, as cousas comezan de novo a cambiar para Virginia Woolf: a morte comeza a arrincarlle a algúns dos seus seres máis queridos, como Julian Bell, Lytton Strachey, Madge Vaughan, Janet Case ou Roger Fry, ó que lle fai preguntarse acerca da súa propia morte, a que cada vez ve máis cerca. Lee configura todas estas experiencias nun bloque que culmina en 1941, cando Virginia Woolf, anguriada profundamente pola certeza da perda do seu talento artístico, açosada por unha crise de identidade no medio dunha guerra na que os seus libros non tiñan cabida, pero decidida sobre todo a non sufrir outra crise da que pensaba que non sairía, camiña cara ás ondas do río Ouse, en Sussex, para fundirse na morte, a única experiencia que non describiría.

O ler a obra de Lee, é evidente o acerto de Quentin Bell ó declarar que, á luz de todo o material inédito que sobre Woolf aparecera e das revisións dos feitos no crisol do tempo, era necesaria unha nova biografía que acometese tan inxente empresa. Sobre a figura de Virginia Woolf, que os anos mitificaron ou trataron de destruír, hai moito escrito xa, tanto que o feito de encararse cunha nova biografía provoca intrinsecamente unha desconfianza no lector. ¿Que pode haber de novo sobre alguén como Virginia Woolf? A biografía de Lee mostra nada menos que

unha viaxe, ás veces inédita, a través dos textos, da correspondencia, dos diarios, das conversacións e das obras que si ten un principio, pero que en absoluto é unívoca: mostra unha historia oculta embaixo doutra. «Continuemos mirando –se non ás liñas, entón ó que hai entre elas na biografía»²⁴. A biografía acada para Lee o mesmo valor que tiña para Virginia Woolf: non é unha exposición lineal de feitos, senón que se asemella máis ben a un oráculo que leva intrínseco nas súas palabras o seu senso de ser, unha mensaxe vital que ten que ser decodificada. Entre liñas, cada lector pode atopar angurias, medos, paixóns, ideais humanos que rondaban a unha figura inmortal. Entre liñas tamén, cada lector pode facer o seu propio camiño, dende aquela primeira biografía ata o produto «definitivo» destes traballos: a biografía de Hermione Lee.

* *Laura Lojo*

Universidade de Santiago de Compostela

24. *Three Guineas*, p. 202, citado por Lee (1996: 15). Traducción miña.